

Le e contesta.

O invento máis importante da historia

Hai medio millón de anos, os nosos devanceiros coñecían o lume como un fenómeno terrible da natureza. Cando un raio rompía o ceo ou prendía lume nos bosques, as persoas refuxiábanse aterrorizadas no fondo das súas covas e os animais tamén fuxían.

Pero un día a súa curiosidade levounos a achegarse, a tomar unha póla prendida e a levala á súa cova, aprendendo así por vez primeira a evadirse da escuridade, do frío e do medo da noite. O gran descubrimento dos seres humanos foi chegar a producir eles mesmos ese lume, e lograronlo fretando dúas pedras de sílex e prendendo coas súas faíscas unhas ramiñas secas. Xa non era necesario vixiar constantemente o lume para que non se apagase.

O descubrimento do lume cambiou por completo o rumbo da supervivencia humana. Co lume protexíanse do frío da noite, espantaban as grandes feras dos seus poboados; a carne da caza era máis saborosa e saudable pasada polo lume, e tamén se aprendeu a cauterizar as feridas con lume. Por último, o lume era o lugar arredor do que se reunían as persoas ao final da xornada, onde se contaban as historias e o coñecemento pasaba duns a outros, e onde o ser humano continuou a súa aprendizaxe como ser social.



A) Cantos anos hai que o ser humano coñece o lume?



B) Como logrou o humano facer lume por si mesmo?



C) Que vantaxes supuxo facer lume para a humanidade?




D) Que están facendo as persoas da fotografía? Por que o fan?



Busca **na túa cociña dous obxectos** similares aos que se usaban hai miles de anos e explica en que se **parecen** e en que se **diferencian**. Despois **debúxaos**.

Por exemplo: Un coitelo hai miles de anos e na actualidade **parécense** en que se utilizan para **cortar**, e **diferéncianse** en que hai miles de anos se fabricaban con **pedra** e na actualidade fabricanse con **aceiro**



Coitelo na actualidade



Coitelo hai miles de anos



Solucións:

Cantos anos hai que o ser humano coñece o lume?

Hai medio millón de anos

Como logrou o humano facer lume por si mesmo?

Fretando dúas pedras de sílex e prendendo coas súas faíscas unhas ramiñas secas.

Que vantaxes supuxo facer lume para a humanidade?

Co lume protexíanse do frío da noite, espantaban as grandes feras dos seus poboados; a carne da caza era máis saborosa e saudable pasada polo lume, e tamén se aprendeu a cauterizar as feridas con lume.

Que están facendo as persoas da fotografía? Por que o fan?

Resposta libre.

Están excavando para la investigación de los restos arqueológicos. Porque é un método de estudo da Prehistoria e a historia humana que nos axuda a coñecer como vivían os humanos fai moitos anos.